


Memoria do Plan de Acción Titorial

Facultade de Ciencias da Saúde
Universidade da Coruña



2021/2022

Contidos

1.	Presentación da memoria do proxecto do Plano de Acción Titorial (PAT)	3
2.	Valoración global da experiencia: O Plano de Acción Titorial na Facultade de Ciencias da Saúde	4
3.	Grao de consecución dos obxectivos	4
4.	Grao en Terapia Ocupacional (GTO)	6
4.1.	Presentación dos datos xerais do PAT no GTO	6
4.2.	Demandas do alumnado e resolución das mesmas	6
4.3.	Propostas de mellora do PAT na titulación de Grao en Terapia Ocupacional	7
4.4.	Actividades realizadas	8
5.	Mestrado en Asistencia e Investigación Sanitaria (MAIS)	11
5.1.	Presentación dos datos xerais do PAT no MAIS	11
5.2.	Demandas do alumnado e resolución das mesmas	11
5.3.	Propostas de mellora do PAT na titulación do MAIS	11
5.4.	Actividades realizadas	12
6.	Mestrado Universitario en Xerontoloxía (MUG)	14
6.1.	Presentación dos datos xerais do PAT no MUG	14
6.2.	Demandas do alumnado e resolución das mesmas	14
6.3.	Propostas de mellora do PAT na titulación do MUX	14
6.4.	Actividades realizadas	15
7.	Resultados das enquisas realizadas por titores/as PAT da FCS	17

1. Presentación da memoria do proxecto do Plano de Acción Titorial (PAT)

Centro: Facultade de Ciencias da Saúde

Curso académico: 2021/2022

Coordinadora do PAT: Betania Groba González

Este documento recolle todas as accións realizadas no marco do Plano de Acción Titorial (PAT) das tres titulacións impartidas na Facultade de Ciencias da Saúde (FCS), así como o grao de consecución dos obxectivos propostos, a participación do alumnado e profesorado, e as propostas de mellora para vindeiros cursos.

A elaboración desta memoria e o seguimento do PAT durante o curso foi unha tarefa desenvolvida de xeito colaborativo entre a dirección do centro, os/as coordinadores/as das titulacións implicadas e a coordinadora do PAT, incluíndose os seguintes axentes:

- Decana da FCS: Profa. Adriana Ávila Álvarez.
- Secretario da FCS: Prof. Iván de Rosende Celeiro.
- Vicedecana da FCS e coordinadora do Grao en Terapia Ocupacional (GTO): Profa. Nereida Canosa Domínguez
- Coordinadora do Mestrado en Asistencia e Investigación Sanitaria (MAIS): Profa. Silvia Díaz Prado
- Coordinador do Mestrado Universitario en Xerontoloxía (MUG): Prof. José Carlos Millán Calenti.
- Coordinadora do PAT da FCS: Profa. Betania Groba González.
- Titora de Atención á Diversidade (ADI) da FCS: Profa. Natalia Rivas Quarneti.

A continuación, expóñense as consideracións, tanto de xeito xeral (para todo o centro), como específicas para cada titulación, que constitúen a memoria de actividades do PAT da FCS durante o curso 2021/2022.

Durante este curso, a presencialidade das titorías e as formas de contacto e comunicación co alumnado estiveron condicionadas pola normativa vixente e cambiante relacionadas coa Covid-19, aínda que con menor impacto que en cursos académicos previos.

No caso das titorías individuais ou en pequenos grupos a recomendación xeral foi a titorización e seguimento online dos estudantes, por parte de cada titor/a, a través da plataforma Teams. Neste curso parte das outras accións do PAT fixéronse en formato online (especialmente ao principio do curso académico) e observouse un incremento cara o formato presencial (coas garantías necesarias en materia de prevención).

2. Valoración global da experiencia: O PAT na Facultade de Ciencias da Saúde

O PAT implantado nas titulacións da FCS constitúe un recurso adecuado para atender ás necesidades dos/as estudantes matriculados/as nas titulacións do centro: Grao en Terapia Ocupacional (GTO), Mestrado en Asistencia e Investigación Sanitaria (MAIS) e Mestrado Universitario en Xerontoloxía (MUG).

No caso dos novos alumnos/as permitiu ofrecer unha completa acollida ao ensino universitario, en concreto, á comunidade da FCS; informando dos servizos específicos aos estudantes, así como das actividades de extensión universitaria. Para o resto do alumnado continua a ser unha ferramenta que permite un vínculo directo e individualizado (titor/a - estudante) para realizar unha orientación continua e personalizada en función das necesidades de formación, bolsas, atención á diversidade e posibilidades dos servizos de apoio ao estudantado e asesoramento para a busca e mellora da empregabilidade. É de especial relevancia as titorías que se realizan en relación coa orientación de cara a futuras opcións de formación que teñen os/as estudantes cando rematan a titulación oficial.

Neste sentido, non só se programaron as correspondentes titorías individuais e grupais dos/as docentes cos/as estudantes asignados, senón tamén actividades de difusión, orientación e aplicación práctica ao longo de todo o curso. Esta programación, que se inclúe nas táboas do documento, contribuíu á consecución dos obxectivos planeados anualmente e á coherencia na execución no PAT.

Trátase, polo tanto, dun medio interesante para mellorar a comunicación directa co alumnado, así como para detectar as súas necesidades e inquedanzas. En base a isto, pódense identificar posibles carencias ou dificultades para o correcto desenvolvemento do mesmo e propoñer diferentes alternativas de mellora para vindeiros cursos.

Así, en todas as titulacións da FCS, o PAT constitúe un recurso para optimizar aspectos de calidade e do seu seguimento.

3. Grao de consecución dos obxectivos

Os obxectivos expostos están dirixidos á facilitar o acompañamento e asesoramento dos/as estudantes da FCS, tanto en aspectos académicos, como tamén de orientación laboral, investigación, experiencias internacionais, e incluso actividades de extensión universitaria e culturais.

En xeral, se considera que as actividades realizadas fixeron posible a consecución dos obxectivos propostos, tanto no GTO como nas titulacións de mestrado (MAIS e MUG).

Desde o primeiro momento, todas as materias das titulacións oficiais contaron con respectivos plans de continxencia para realizar as adaptacións oportunas no caso da variación da situación sanitaria derivada da Covid-19. Neste sentido, as titorías realizadas no marco do PAT, tiveron una orientación maioritariamente online, a través de Teams, aínda que foron axustadas entre titor/a – alumno/a segundo as súas necesidades e situación persoal.

Destácase que durante este curso académico alcanzouse o obxectivo de reactivar a Asociación de Estudiantes de Terapia Ocupacional de Galicia (AETOG) co liderazgo e implicación do alumnado.



4. Grao en Terapia Ocupacional (GTO)

4.1. Presentación dos datos xerais do PAT no GTO

Coordinadora: Profa. Nereida Canosa Domínguez

- Nº titores/as implicadas/os: 31
- Nº alumnos/as titorizados/as: 222
- Ratio alumno/a - titor/a: 7,2

4.2. Demandas do alumnado e resolución das mesmas

Os/as estudantes asignados/as a un/unha titor/a no PAT do Grao en Terapia Ocupacional foron 222:

- 4º curso: 73 estudantes
- 3º curso: 49 estudantes
- 2º curso: 42 estudantes
- 1º curso: 58 estudantes

A difusión do PAT e os servizos da ADI entre todo o alumnado da FCS, pero en especial para os/as estudantes de 1º curso do GTO, realizouse no marco da Semana de Benvida da FCS nos días 6 e 7 de setembro. Nesta sesión informouse sobre o PAT na FCS e de como sería o proceso titorización e asignación de titores/as ao longo dos catro cursos do GTO.

A todos os/as estudantes informóuselles da continuidade do PAT a través dun correo electrónico enviado o 20 de outubro. Unha vez comezado o curso e elaborada a listaxe de docentes interesados en ser titores/as do PAT, creouse unha táboa de asignación por curso, dos/as estudantes e os/as correspondentes titores. Deste xeito, as dúas partes foron informadas do proceso e da asignación realizada a través do correo electrónico.

Os/as titores/as puxéronse en contacto, por correo electrónico, co alumnado asignado. No caso de todos/as estudantes, a reunión púidose realizar presencial ou virtualmente (elixida polos/as docentes e alumnos/as, indistintamente).

Trala titoría de iniciación, o resto de encontros titor/a-estudante foron realizados a demanda por parte destes últimos, a fin de abordar temas diversos, contemplados nos obxectivos de orientación do PAT. No caso de que

algunha cuestión comentada durante a titoría fose máis complexa e non puidera ser resolta polo/a docente (en relación ás súas competencias como titor/a do PAT), transmitiuse á coordinación do título e/ou á persoa responsable da necesidade específica: diversidade, mobilidade internacional, servizo de emprego da UDC, etc.

4.3. Propostas de mellora do PAT na titulación de GTO

- Aumentar a difusión do PAT entre estudiantado e docentes do GTO.
- Mellorar a implicación, uso efectivo e o coñecemento do PAT por parte do alumnado.
- Aumentar as accións de mobilidade (especialmente internacional) no GTO, tanto de alumnado como de docentes.
- Colaborar coa coordinación xeral do PAT da UDC para a implementación da experiencia de mentorización entre os/as estudantes da Facultade de Ciencias da Saúde.
- Aumentar o número de iniciativas e eventos organizados e impulsados polos/as estudantes.
- Mellorar a aplicación adecuada dos servizos e adaptacións da Unidade de Atención á Diversidade, tanto por parte de estudantes coma de docentes.
- Promover a asociación dos/as estudantes e a realización de accións na AETOG (activada neste curso académico).

4.4. Actividades realizadas

LISTAXE DE ACCIÓNS PROGRAMADAS Ano 2021/2022						
Accións programadas	Obxectivos	Destinatarios	Responsables	Calendario	Recursos asociados	Indicadores de seguimento
Semana de Benvida FCS	Acoller e dar a coñecer o funcionamento da FCS e os seus recursos ao alumnado de novo ingreso	Alumnado das titulacións da FCS, incluído o alumnado do GTO	Equipo directivo FCS, coordinadores/as das titulacións da FCS. Coordina Profa. Laura Nieto	6-7 de Setembro 2021	Sesión online (plataforma Teams)	Nº asistentes: 171 estudantes, 7 docentes e 1 PAS
Presentación do PAT e da ADI aos estudantes de novo ingreso	Dar a coñecer o programa de acción tutorial da UDC e da ADI, así como a importancia de que os estudantes participen das tutorías	Alumnado de primeiro do GTO	Equipo directivo FCS, responsable do PAT FCS e titora de diversidade	7 de setembro de 2021	Sesión online (plataforma Teams) e envío documentación informativa	Nº asistentes: 57 Nº alumnos/as do PAT: 222
Sistema de Atención Tutorial	Titorizar	Alumnado GTO	Equipo directivo FCS, responsable da titulación, responsable do PAT FCS e profesores/as-titores/as	Durante todo o curso académico	Titorizacións virtuais e espazos da FCS	Nº alumnos/as titorizados/as: 222 Enquisa de avaliación para titores/as: 23
Difusión dos Servizos da ADI	Dar a coñecer os servizos da ADI entre os estudantes e docentes da UDC	Alumnado da FCS e profesorado	Equipo directivo FCS e titora de diversidade (Profa. Natalia Rivas)	Durante todo o curso académico	Titorizacións virtuais e espazos da FCS	Nº asistentes difusión inicial: 57 Titorización e información ao alumnado e profesorado implicado
Actividades no marco do VII Outubro Saudable	Difundir a importancia dos hábitos de vida saudable, e temas de interese sobre prácticas de promoción e educación da saúde	Alumnado GTO, profesorado, egresados/as e profesionais	Responsable de UDC Saudable en FCS (Profa. Laura Nieto) e coordinadora GTO (Profa. Nereida Canosa)	Outubro 2021	Sesión virtual (plataforma Teams)	Nº propostas FCS: 4 Nº asistentes: 121

Actos polo Día Internacional da Eliminación da Violencia de Xénero	Promover a igualdade, o respecto e sensibilizar á comunidade universitaria de CC da Saúde da problemática da violencia de xénero	Estudantes da FCS, docentes, egresados/as, profesionais	Equipo directivo FCS	23 novembro 2021	Sesión virtual (plataforma Teams) e espazos da FCS	Nº propostas FCS: 2 Nº asistentes: 35
Atención no TFG	Asesorar e dirixir ao alumnado na realización do TFG	Alumnado cuarto curso GTO	Responsable da Titulación e profesores/as-titores/as do TFG	Durante todo o curso académico	Titorizacións virtuais, espazos da FCS	Nº participantes: 69
Sesións informativas de SICUE, ERASMUS e Convenios Bilaterais	Difundir os programas de mobilidade nacional e internacional da UDC	Alumnado GTO	Vicedecana FCS e titores académicos GTO (Profa. Thais Pousada e Prof Iván de Rosende)	Semana de Benvida e outras accións durante o curso	Titorizacións virtuais e espazos da Facultade	Nº solicitantes de mobilidade: 8 Nº estudantes entrantes: 1 internacional y 3 nacional Nº estudantes saíntes: 1 internacional
Accións internacionais: Estudantes ERASMUS e Latinoamerica	Informar e compartir a súa experiencia	Alumnado GTO	Vicedecana FCS e titores académicos GTO (Profa. Thais Pousada e Prof Iván de Rosende)	26 xaneiro 2022	Sesión virtual (plataforma Teams)	Nº asistentes: 20
Xornada de Orientación profesional en Terapia Ocupacional	Informar sobre as saídas profesionais	Alumnado cuarto curso GTO	Equipo directivo FCS, Profa. Inés Viana e estudantes 4º curso GTO	12 maio 2022	Espazos da Facultade	Nº participantes: 44 estudantes e 12 docentes
Accións Interxeneracionais: alumnado de segundo e primeiro GTO	Acercar a Terapia Ocupacional a través de actividades planeadas e dirixidas por alumnos/as de segundo aos alumnos de primeiro do GTO	Alumnado primeiro e segundo curso GTO	Profa. Adriana Ávila Álvarez e Profa. Rosa Meijide Faílde	Primeiro cuadrimestre 2021/2022	Sesións virtuais (plataforma Teams)	Nº alumnos/as: 58

Proxecto Comunitario. Redes de Inclusión. Terapia Ocupacional	Facilitar ao alumnado a comprensión da práctica da TO no ámbito comunitario	Alumnado de cuarto curso GTO	Profª. Inés Viana Moldes	Segundo cuatrimestre 2021/2022	Espazos da FCS, da UDC e da comunidade	Nº de accións - estudante: 8 accións por estudante (media aproximada)
Proxectos de Aprendizaxe - Servizo	Fomentar o coñecemento das realidades sociais e contribuir ofrecendo un servizo no marco dun proxecto cunha entidade non lucrativa	Estudantes das materias de Terapia Ocupacional no ciclo vital	Profas. Adriana Ávila, Nereida Canosa, Betania Groba, Laura Nieto, Thais Pousada, Natalia Rivas, Inés Viana e Prof. Iván de Rosende	Durante todo o curso académico	Espazos da Facultade, da Universidade e da comunidade	Nº participantes: 44 Nº proxectos realizados: 1
Atención das Responsables dos Módulos do Ciclo Vital	Establecer unha figura de referencia en cada módulo e a coordinadora de Estadías Prácticas	Alumnado GTO	Profas. Nereida Canosa Domínguez, Inés Viana, Thais Pousada, Betania Groba, Laura Nieto, Natalia Rivas, Adriana Ávila e Prof. Iván de Rosende	Durante todo o curso académico	Reunións virtuais e espazos da FCS	Nº participantes: 8 docentes, 91 estudantes
Reactivación da Asociación de Estudantes de Terapia Ocupacional de Galicia (AETOG)	Promover a participación estudantil no GTO e a súa representación na UDC	Estudantes GTO e estudantes doutros títulos na UDC	Equipo directivo FCS	Durante todo o curso	Espazos da FCS	Constitución formal da AETOG, 2022
Participación nas Xornadas de Portas Abertas Virtuais da UDC	Ofrecer información sobre o GTO aos futuros estudantes. Difundir as competencias das titulacións entre axentes da educación secundaria	Profesores e estudantes de niveis pre-universitarios, tanto a nivel autonómico como nacional e internacional	Equipo directivo FCS	30-31 marzo 2022	Sesión virtual (plataforma Teams)	Impartición: 2 docentes Non procede
Dinamización e difusión de información relevante sobre as actividades da FCS	Comunicar a información relevante aos estudantes, docentes, PAS e sociedade en xeral sobre as actividades relevantes da FCS	Estudantes, PDI e PAS do centro	Equipo directivo FCS	Durante todo o curso académico	Virtual: Facebook e Twitter do centro, email a listaxes	Non procede
Orientación a través da páxina web do centro FCS	Orientar dunha forma directa, atractiva e sinxela sobre as diferentes titulacións, actividades e programas do centro	Poboación xeral	Equipo directivo FCS	Durante todo o curso académico	https://www.udc.es/es/fcs/	Activación nova páxina web Non procede



5. Mestrado en Asistencia e Investigación Sanitaria (MAIS)

5.1. Presentación dos datos xerais do PAT no MAIS

Coordinadora: Profa. Silvia Díaz Prado

- Nº titores/as implicadas/os: 11
- Nº alumnos/as titorizados/as: 22
- Ratio alumno/a - titor/a: 2

5.2. Demandas do alumnado e resolución das mesmas

Os/as estudantes matriculados/as no mestrado das especialidades de Fundamentos de Investigación Biomédica (4) e reeducación funcional (3) e Investigación e Innovación Sosanosanitaria (15) foron asignados a un/unha titor/a (docente do mestrado), cun ratio de 2 estudantes por titor/a

Os/as docentes realizaron a primeira titoría (online ou presencial), co estudiantado asignado durante o primeiro cuadrimestre. As titorías de seguimento foron executándose por demanda directa do/a alumno/a en función das súas necesidades e inquiredanzas.


5.3. Propostas de mellora do PAT na titulación do MAIS

- Incrementar a información acerca dos beneficios do PAT a nivel alumnado e profesorado.
- Fomentar a participación do alumnado e do profesorado no PAT.

5.4. Actividades realizadas

LISTAXE DE ACCIÓNS Ano 2021/2022						
Accións programadas	Obxectivos	Destinatarios	Responsables	Calendario	Recursos Asociados	Indicadores de seguimento
Semana de Benvida FCS	Acoller e dar a coñecer o funcionamento da FCS e os seus recursos ao alumnado de novo ingreso	Alumnado das titulacións da FCS, incluído ao alumnado do MAIS	Equipo directivo FCS, coordinadores/as das titulacións FCS. Coordina Profa. Laura Nieto	6-7 setembro 2021	Sesión virtual: Teams	Nº asistentes: 171
Sistema de Atención Titorial	Titorizar	Profesorado titor e alumnado do MAIS	Coordinadora do MAIS, coordinadores/as especialidades do MAIS, coordinadora do PAT da FCS e profesores/as-titores/as	Durante todo o curso académico	Titorías virtuais	Nº alumnos/as titorizados/as: 22 Fichas de iniciación, de seguimento e avaliación
Seminario de atención global ao TFM	Titorizar	Alumnado do MAIS	Coordinadora do MAIS, grupo de titorización e seguimento dos TFM	Outubro 2021	Aula 9 do Edificio Universitario de Oza	Nº alumnos/as participantes: 27
Atención individual ao TFM	Titorizar	Cada alumno/a do MAIS	Coordinadora do MAIS e profesores/as-titores/as que dirixen os TFM	Durante todo o curso académico	Titorías virtuais, espazos da Facultade, do CHUAC e do INIBIC	Nº alumnado titorizado: 59
XIV Xornada Científica en Terapia Celular e Medicina Rexenerativa	Incentivación e divulgación da investigación	Alumnado do MAIS e das titulacións de Ciencias da Saúde	Coordinadora do MAIS, Grupo de Terapia Celular e Medicina Rexenerativa da UDC, INIBIC	7 outubro 2021	Salón de actos do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA)	Nº asistentes: 32

Orientación a través da páxina web do MAIS	Orientar dunha forma directa, atractiva e sinxela sobre as principais características do título	Alumnado do MAIS	Coordinadora do MAIS e grupo da web do MAIS	Durante todo o curso académico	http://www.master.mais.udc.es	Non procede
Orientación e difusión do MAIS	Orientar de forma esquemática sobre a estrutura básica do título	Alumnado do MAIS e sociedade en xeral	Coordinadora do MAIS	Durante todo o curso académico	https://tv.udc.gal/	Non procede



6. Mestrado Universitario en Xerontoloxía (MUG)

6.1. Presentación dos datos xerais do PAT no MUG

Coordinador: Prof. Jose Carlos Millán Calenti

- Nº titores/as implicadas/os: 15
- Nº alumnos/as titorizados/as 1ª edición mestrado 60 ECTS: 11
- Ratio alumno/a - titor/a: 0,73 titores/as-alumno/a

6.2. Demandas do alumnado e resolución das mesmas

En xeral, os/as alumnos/as do Mestrado acoden ás titorías en dous momentos: ao principio do curso para informarse acerca das materias a cursar, sobre todo no que se refire á elección de materias optativas; e con anterioridade ao fin do primeiro cuadrimestre, en relación á elaboración do Traballo Fin de Mestrado (TFM) e a realización das Prácticas Externas (Practicum). No segundo cuadrimestre, desde curso 2021-2022, o alumnado ademais de cursar as materias obrigatorias e optativas, teñen que elaborar o TFM e acudir ás prácticas clínicas, incrementándose as accións titoriais.

A asignación dos/as titores/as - alumnado realízase ao inicio de cada curso académico, unha vez finalizado o período de matrícula; sendo xeralmente o/a titor/a establecido/a a persoa que dirixirá o TFM do alumnado, salvo indicación expresa de algún/ha de eles/as, no sentido de facer algún cambio.

O coordinador do mestrado, polo seu dobre rol de titor e coordinador do mesmo, ten unha frecuencia elevada de titorías presenciais, arredor de 20-30 por curso académico. A isto habería que sumarlle todas as consultas realizadas por correo electrónico. Por norma xeral, o resto dos/as titores/as do PAT levan a cabo entre 2 ou 3 titorías presenciais durante cada curso. A través destes encontros, resólvense todas as dúbidas plantexadas polo estudiantado.

6.3. Propostas de mellora do PAT na titulación do MUX

- Incrementar a información acerca dos beneficios do PAT a nivel alumnado e profesorado
- Fomentar a participación do alumnado e do profesorado no PAT
- Elaborar unha aplicación informática dentro do Campus Virtual especificamente para titorías do PAT.

6.4. Actividades realizadas

LISTAXE DE ACCIÓNS ANO 2021/2022						
Accións programadas	Obxectivos	Destinatarios	Responsables	Calendario	Recursos Asociados	Indicadores de seguimento
Benvida FCS	Acoller e dar a coñecer o funcionamento da FCS e do MUG, así como os seus recursos ao novo alumnado	Alumnado do MUG	Coordinador da titulación	13 setembro 2021	Aula 2 de Xerontoloxía	Nº de asistentes: 11
Sistema de Atención tutorial	Titorizar	Alumnado do MUG	Coordinador do MUG Prof. Millán Calenti, coordinadora do PAT da FCS e profesores/as-titores/as	Durante todo o curso académico	Titorías virtuais, Espazos da Facultade	Nº de alumnos/as titorizados/as: 11
Reunións co alumnado para fomentar a investigación	Incorporar ao alumnado ao campo da investigación	Alumnado do MUG	Prof. Millán Calenti e Profa. Ana Maseda	Out-Dec 2021/2022	Titorías virtuais, Aula 1, Laboratorio Xerontoloxía	Nº de asistentes: 11
Presentación liñas investigación Grupo de Xerontoloxía e Xeriatría	Incorporar ao alumnado ás liñas de investigación	Alumnado do MUG	Prof. Millán Calenti, Profa. Laura Lorenzo e Profa. Ana Maseda	13-20 outubro 2021	Laboratorio Xerontoloxía e espazos GIGG	Nº de asistentes: 11
Explicación normas elaboración e defensa traballo fin do mestrado	Dar a coñecer a metodoloxía a utilizar para a elaboración do traballo fin do mestrado	Alumnado do MUG	Prof. Millán Calenti	Dic-2021	Aula 2 de xerontoloxía	Nº de asistentes: 11

Visita ao laboratorio de Xerontoloxía	Dar a coñecer ao estudantado as posibilidades da avaliación xerontolóxica integral a través dos equipos dispoñibles	Alumnado do MUG	Prof. Millán Calenti e Profa. Ana Maseda	Set-Dec 2021	Laboratorio Xerontoloxía	Nº de asistentes: 11
Reunión co alumnado para informar acerca das posibilidades para a realización das prácticas externas	Dar a coñecer ao estudantado as posibilidades para a realización das estancias prácticas	Alumnado do MUG	Prof. Millán Calenti e membros da Comisión Académica	Set-Dec 2021	Aula 2 de xerontoloxía e espazos GIGG	Formulario selección estancias prácticas: 11
Reunión co alumnado para informar da posibilidade do Practicum a través de programas internacionais	Facilitar a participación do alumnado en convocatorias internacionais tipo Erasmus+Prácticas	Alumnado do MUG	Prof. Millán Calenti	Out-Dec 2021	Espazos da Facultade	Nº de estudantado que solicita as prazas: 11
Visita institucional ao Complexo Xerontolóxico La Milagrosa	Das a coñecer ao estudantado o centro de referencia para a realización do Practicum do MUG	Alumnado do MUG	Profa. Isabel González-Abraldes	Oct-Dec 2021	Complexo Xerontolóxico La Milagrosa	Nº alumnos/as que asisten: 11
Reunión co alumnado para informar acerca do programa de doutorado en Ciencias da Saúde	Dar a coñecer o programa de doutorado en Ciencias da Saúde e estudar as posibilidades de incorporarse ao mesmo	Alumnado do MUG con interese na elaboración da tese de doutoramento	Prof. José C. Millán e Profa. Ana Maseda	Maio 2022	Espazos GIGG	Nº alumnos/as asistentes: 11



7. Resultados das enquisas realizadas por titores/as PAT da FCS

A continuación expóñense os principais resultados da enquisa cuberta polo profesorado que participou como titor/a do PAT da FCS no curso 2021/2022.

Estes datos foron enviados á FCS, con data do 21 de xullo (contando cun total de 23 respostas nesa data), pero a enquisa permanecerá aberta até o 31 de xullo.

A maior parte dos/as titores/as que responderon a enquisa teñen unha experiencia de entre 5-10 anos (n=10) e máis de 10 anos (n=9) nesta función. As persoas indicaron que a ratio de asignación titor – estudante é adecuada (n=21), e na súa maioría (n= 20) indican que planificou o PAT nun horario conciliador coas clases e o calendario de exames do alumnado.

En relación ao tipo de titoría, 17 persoas indicaron a tendencia a realizalas de xeito individual e 4 persoas, que as levaron a cabo tanto en formato grupal como individual. 10 titores/as sinalan que manteñen un contacto frecuente cos/as estudantes titorizados/as de xeito non presencial empregando ferramentas online como o correo electrónico e a plataforma Teams.

Con respecto ao nivel de participación do alumnado a maioría dos/as titores/as perciben un nivel de participación baixa por parte do alumnado no PAT (n=18) e só unha persoa indica que este foi alto. A adecuación das funcións de titoría no PAT pola situación de Covid-19 foi asumible neste curso académico, xa que o cambio principal identificado polos/as os/as titores/as foi a realización da titorización en formato virtual.

Entre as medidas prioritarias de mellora para incentivar o funcionamento do PAT a nivel da UDC e do centro, destacan (varias respostas posibles):

- Mellorar a difusión do proxecto de PAT entre o alumnado: 13
- Implicar a representantes do alumnado (asociacións, etc.): 12
- Maior recoñecemento do profesorado implicado: 9
- Mellorar as canles de comunicación entre coordinadoras/es e titoras/es: 8
- Aumentar/mellorar a formación que se ofrece: 8
- Creación de programas de mentoría dentro do PAT: 6

Sobre as inquiredas e necesidades de formación dos/as docentes para o desenvolvemento das súas funcións como titores/as do PAT, na seguinte táboa amósanse (de maior a menor demanda) ditas preferencias.

Demanda de formación	Nº de interesados/as
Estratexias para favorecer a implicación do alumnado no PAT	15
Funcións e papel do/a titor/a	15
Atención á diversidade	14
Orientación académica e itinerarios	11
Saídas profesionais e laborais	10
Instrumentos de aplicación do PAT	9
Habilidades de comunicación	6
As TIC e a titorización	5
Técnicas de estudo	3
Hábitos saudables	1

Por outra banda, os principais temas abordados nas titorías foron: Elección de materias e/ou itinerarios formativos e profesionais (10), Saídas profesionais (10) e Información do centro (9).

Na táboa seguinte amósanse os resultados medios obtidos nos ítems cuantitativos da enquisa, avaliados cunha escala Likert de 1 a 7 puntos.

Criterio avaliado	Puntuación
Valoración dos recursos e xestión do PAT	
A formación que teño é suficiente para desenvolver as tarefas propias do PAT	5,87
O material do que dispoño na páxina web do PAT axudoume na implementación e seguimento do mesmo	5,70
As tarefas realizadas pola coordinación do centro orientaron a miña tarefa como titor/a	6,04
Obxectivos e funcións do PAT	
O PAT cumpriu o obxectivo de axudar o alumnado a coñecer mellor o centro	5,30
O PAT favoreceu o nivel de integración do alumnado na facultade/escola	5,30
O PAT axudou o alumnado na toma de decisión e na elección dos seus itinerarios formativos/profesionais	5,22
As titorías serviron para detectar problemas de aprendizaxe no alumnado	5,04
As titorías serviron para atender as necesidades relacionadas coas estratexias de aprendizaxe e as técnicas de estudo	4,87
O PAT axudou a mellorar a calidade da docencia da titulación/centro	5,30

As titorías do PAT permitíronme reflexionar sobre a miña propia docencia	5,13
Satisfacción e evolución do PAT	
Nivel de satisfacción respecto á túa participación no PAT	4,57
Valoración, desde a túa experiencia, da organización institucional que tivo o PAT da túa facultade/centro	5,35
Valoración, desde a túa experiencia, da participación e implicación dos/das titores/as do PAT da túa facultade/centro	4,78
Valoración, desde a túa experiencia, da participación do alumnado no PAT da túa facultade/centro	3,83
Utilidade do PAT para o alumnado universitario	4,57
Viabilidade do proxecto de PAT da túa facultade/centro	5,13
Coñecemento que o alumnado ten do proxecto de PAT da túa facultade/centro	4,00
Coñecemento que o profesorado ten da existencia e funcións do/da titor/a de diversidade	4,70
Coñecemento que o alumnado ten da existencia e funcións do/da titor/a de diversidade	4,48

A maior parte das persoas que responderon á enquisa (n=21) manifestaron o seu interese en continuar sendo titores/as do PAT no seguinte curso académico.

Por último, e á vista dos resultados, é importante que, de cara próximos cursos, tanto a nivel institucional como do noso centro se realicen accións para a difusión e promoción do uso do PAT entre os/as estudantes, conseguir a implicación dos/as representantes do alumnado, valorar o recoñecemento do profesorado implicado, mellorar a comunicación entre o profesorado e a coordinación do PAT e promover accións e participación a nivel de formación.

Lugar e data: A Coruña, 28 xullo 2022

A coordinadora do PAT no centro

Betania Groba González (sinatura)

Visto e prace da decana do centro

Adriana Ávila Álvarez (sinatura)